



VI Pleno do Consello Autonómico de Infancia e adolescencia de Galicia, nesta ocasión coa temática da sanidade pública

O Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia traslada á Xunta un amplo paquete de propostas para mellorar a saúde da mocidade. O Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia (CAIA) celebrou este 23 de xuño o seu pleno ordinario na EGAP, nunha sesión presidida polo director xeral de Familia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey Sastre, na que as persoas vogais presentaron un conxunto de propostas para reforzar as políticas de saúde dirixidas á infancia e á adolescencia.

Durante a reunión, representantes da Consellería de Sanidade explicaron o contido da Lei 6/2025 de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas, abrindo posteriormente un espazo de diálogo no que os membros do CAIA puideron formular dúbidas e achegas.

Entre as principais propostas presentadas destacan a redución das listas de espera en psicoloxía infantil e xuvenil, a incorporación de profesionais da psicoloxía nos centros educativos, a creación de consultas específicas de saúde mental para adolescentes, o reforzo da prevención das adicións, a mellora da educación afectivo-sexual, a promoción de hábitos saudables e da actividade física, así como medidas para garantir unha atención sanitaria máis accesible, inclusiva e adaptada ás necesidades da infancia e da adolescencia, especialmente no rural e para colectivos vulnerables. O pleno concluíu cun coloquio entre os representantes institucionais e os membros do CAIA, no que se puxo en valor a participación activa da mocidade na elaboración de propostas para mellorar os servizos públicos e as políticas de saúde en Galicia.



O Consello Autonómico da Infancia e Adolescencia participa no XVI Encontro da Rede Interautonómica de Participación Cidadá

O pasado 3 de xuño, o Consello Autonómico da Infancia e Adolescencia (CAIA) participou no XVI Encontro da Rede Interautonómica de Participación Cidadá (RIPA), celebrado en Galicia. Durante a xornada, representantes do Consello interviñeron para dar a coñecer o traballo que desenvolve este órgano de participación infantil e adolescente e compartir a súa experiencia como boa práctica no ámbito da participación cidadá. A participación do CAIA permitiu visibilizar a importancia de incorporar a voz da infancia e da adolescencia nos procesos de toma de decisións públicas, así como intercambiar experiencias con representantes doutras comunidades autónomas e institucións. O encontro reuniu a profesionais e responsables públicos de todo o Estado para reflexionar sobre iniciativas que promoven unha participación máis inclusiva, accesible e efectiva da cidadanía. A presenza do Consello neste foro supón un recoñecemento ao seu labor e reforza o compromiso de Galicia coa promoción dos dereitos de participación de nenos, nenas e adolescentes.



O CAIA participa no I Congreso "Os Dereitos da Infancia en Galicia"

O pasado 12 de xuño, representantes do Consello Autonómico da Infancia e Adolescencia (CAIA) participaron no I Congreso Os Dereitos da Infancia en Galicia: avances, retos e propostas, celebrado en Santiago de Compostela e organizado pola Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG).

No marco da mesa dedicada á educación e á participación, unha persoa representante do CAIA compartiu a visión do Consello sobre a importancia de garantir o dereito da infancia e da adolescencia a participar nas decisións que lles afectan. Durante a súa intervención destacou a necesidade de que a participación vaia acompañada dunha escoita real por parte das administracións, de canles estables de diálogo e dunha devolución clara sobre as propostas realizadas pola mocidade. O encontro serviu para reflexionar sobre o coñecemento dos dereitos da infancia, a participación nos diferentes ámbitos da vida pública e os retos actuais do sistema educativo, contribuíndo a reforzar o papel activo de nenos, nenas e adolescentes na construción dunha sociedade máis inclusiva e respectuosa cos seus dereitos.



Lamine Yamal, novo Embaixador de Boa Vontade de UNICEF para defender o dereito da infancia ao xogo

Lamine Yamal nomeado novo Embaixador de Boa Vontade de UNICEF, un recoñecemento co que a organización quere reforzar a defensa do dereito de todos os nenos e nenas a xogar e crecer nunha contorna segura. O nomeamento fíxose público coincidindo coa celebración do Día Internacional do Xogo, unha data que reivindica a



Paivoz pecha o curso reivindicando o papel protagonista da infancia na participación social

O grupo asesor de infancia e adolescencia de UNICEF España, Paivoz, puxo fin ao curso cun balance moi positivo dun semestre marcado pola participación activa, a formación e a defensa dos dereitos da infancia. Ao longo dos últimos seis meses, os seus integrantes participaron en encontros, actividades e iniciativas nas que achegaron a

importancia do xogo no desenvolvemento físico, cognitivo e social da infancia.

No seu novo papel, o futbolista do FC Barcelona centrará o seu labor en promover o dereito ao xogo e apoiar á infancia que vive situacións de emerxencia humanitaria, como conflitos armados ou desastres naturais. Yamal asegurou que o fútbol lle deu "esperanza e un sentido de pertenza" durante a súa infancia e lembrou que millóns de nenos e nenas seguen sen dispor de espazos seguros onde xogar.

Isto ligase a un novo informe de UNICEF que revela que máis de 90 millóns de menores de cinco anos en todo o mundo non teñen ningún tipo de xoguete no fogar e que preto de 80 millóns de nenos e nenas de entre dous e catro anos non xogan habitualmente cun adulto coidador. A organización fai un chamamento a gobernos e institucións para impulsar políticas que garantan espazos de xogo seguros, educación infantil de calidade e apoio ás familias.

visión da mocidade sobre cuestións que lles afectan directamente. (UNICEF Ciudades Amigas de la Infancia)

Na reunión de peche, os rapaces e rapazas fixeron unha avaliación do traballo realizado e destacaron o valor de contar con espazos reais de participación, demostrando que a infancia pode contribuír de maneira efectiva á mellora das políticas públicas cando a súa voz é escoitada e tida en conta. (UNICEF Ciudades Amigas de la Infancia)

Paivoz forma parte da iniciativa de UNICEF España para promover a participación infantil e adolescente, favorecendo que nenos, nenas e adolescentes sexan protagonistas na defensa dos seus dereitos e colaboren na construción de contornas máis inclusivas, sostibles e respectuosas coa infancia.



Aberto o prazo para solicitar o Bono Cultural Xove 2026

O 23 de xuño de 2026 o Ministerio de Cultura abriu o prazo para solicitar o Bono Cultural Xove 2026, unha axuda directa de 400 euros dirixida ás persoas que cumpren 18 anos ao longo deste ano. O prazo permanecerá aberto ata o 31 de outubro e as solicitudes deberán presentarse de forma telemática a través da plataforma oficial do programa. (

Nesta edición, o bono incorpora novidades, como a posibilidade de destinar a totalidade da axuda á formación cultural, á compra de instrumentos musicais e de material artístico. Tamén se mantén a opción de repartir os 400 euros entre espectáculos e actividades culturais, libros e produtos físicos, así como contidos dixitais.

O programa está destinado á mocidade nacida en 2008 con nacionalidade española ou residencia legal en España, e tamén poden solicitalo persoas solicitantes de asilo, con protección temporal ou mozos e mozas extutelados. O obxectivo da iniciativa é facilitar o acceso da mocidade á cultura e fomentar novos hábitos de consumo cultural.



O Goberno lanza unha nova edición do Verán Xove con descontos de ata o 90 % en transporte

O Consello de Ministros aprobou unha nova edición do programa **Verán Xove**, que permitirá ás persoas de entre 18 e 30 anos viaxar con descontos de ata o 90 % en autobuses e trens durante os meses de xullo, agosto e setembro.

O programa inclúe rebaixas do 90 % nos autobuses estatais e nos trens de media distancia, así como descontos do 50 % nos servizos de alta velocidade e no pase Interrail. As persoas beneficiarias deberán rexistrarse previamente para obter un código persoal que lles permitirá acceder ás bonificacións na compra dos billetes. As inscricións abriron o **17 de xuño**.

O Executivo destina **130 millóns de euros** a esta iniciativa, que busca facilitar a mobilidade da mocidade, fomentar o uso do transporte público e promover un turismo máis sostible durante o verán.



Galicia busca máis familias acolledoras para nenos e nenas en situación de vulnerabilidade

O programa de Acollemento Familiar da Xunta de Galicia, xestionado por Cruz Vermella, puxo en marcha unha nova campaña para animar a máis persoas e familias a converterse en familias acolledoras e ofrecer un fogar temporal a nenos, nenas e adolescentes que non poden vivir coa súa familia de orixe.

Durante o mes de xuño celebráronse sesións informativas gratuítas en Lugo, A Coruña, Ourense, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela para explicar en que consiste o acollemento familiar, resolver dúbidas e acompañar ás persoas interesadas no proceso. A iniciativa lembra que calquera fogar pode marcar a diferenza na vida dun menor ofrecéndolle un entorno seguro, estable e afectivo.

Experiencias de aquí e de alá



UNICEF e Gavi impulsan o desenvolvemento dunha vacina contra a cepa Bundibugyo do ébola

UNICEF e Gavi anunciaron unha iniciativa internacional para acelerar o acceso a unha vacina contra a cepa Bundibugyo do virus do ébola, unha variante para a que aínda non existe un inmunizante aprobado.

Como parte desta medida, Gavi destinará ata 50 millóns de dólares para apoiar o desenvolvemento, a produción e a dispoñibilidade de vacinas candidatas, ademais de reforzar a resposta fronte aos gromos e protexer os programas de inmunización nos países afectados.

A convocatoria está dirixida a desenvolvedores e fabricantes de vacinas co obxectivo de identificar os proxectos máis avanzados e con maior potencial. A información recompilada permitirá acelerar os procesos de investigación, produción e distribución no caso de que algunha das vacinas demostre ser segura e eficaz.

Na actualidade, existen varias institucións e empresas traballando en vacinas candidatas contra esta variante do ébola, entre elas a International AIDS Vaccine Initiative, a Universidade de Oxford en colaboración co Serum Institute of India, Moderna e Public Health Vaccines.

Con esta iniciativa, UNICEF e Gavi pretenden reforzar a preparación internacional fronte a futuros gromos da cepa Bundibugyo e reducir o tempo necesario para dispoñer dunha vacina eficaz cando sexa preciso.



UNICEF mobilízase para atender á infancia afectada polo terremoto en Venezuela

UNICEF activou unha resposta de emerxencia tras o forte terremoto rexistrado en Venezuela para atender as necesidades máis urxentes dos nenos, nenas e das súas familias. Os equipos da organización xa traballan sobre o terreo distribuindo axuda esencial e avaliando o impacto da catástrofe nas zonas máis afectadas.

UNICEF España anunciou unha achega inicial de 100.000 euros procedentes do seu Fondo de Emerxencias para apoiar a resposta inmediata. A organización lembra que, nestas situacións, a infancia é un dos colectivos máis vulnerables e precisa acceso urxente a auga potable, atención sanitaria, protección e espazos seguros.

A entidade tamén fixo un chamamento á solidariedade da cidadanía para colaborar coa asistencia humanitaria e garantir que a axuda chegue ás familias afectadas o antes posible.



UNICEF destaca o poder do fútbol para devolver a ilusión á infancia

Coincidindo coa celebración da Copa Mundial da FIFA 2026, UNICEF puxo en valor o papel do fútbol como ferramenta para que nenos e nenas de todo o mundo poidan xogar, relacionarse e recuperar a normalidade, especialmente en contextos de emerxencia e desprazamento.

A organización explica que inclúe balóns de fútbol nos seus kits recreativos e distribúe este material en campamentos de persoas refuxiadas, espazos seguros para a infancia e zonas afectadas por conflitos ou desastres naturais. O obxectivo é garantir o dereito ao xogo, fundamental para o desenvolvemento físico, emocional e social dos menores. UNICEF lembra que, para millóns de nenos e nenas, un simple balón representa moito máis ca un xoguete: é unha oportunidade para sorrir, facer amizades e esquecer, aínda que sexa por un intre, as dificultades que viven.



Testemuña en primeira persoa: Eva Alén e Antón Martínez

Este mes, o grupo parTUl Cipando de Tui, do cal forman parte Eva e Antón, suplentes do CAIA, Xunto coa concelleira de Cultura de Tui, Sonsoles, cruzou o Miño para reunirse co alcalde de Valença, José Manuel Carpinteiro, e co concelleiro de Educación.

Alí Antón e Eva propuxeron crear un Pleno Municipal Infantil Transfronteirizo para crear un espazo onde a rapazada de Tui e Valença poida debater, suxerir e decidir sobre os temas que nos afectan a infancia.

Nesta reunión a infancia deixou de ser observadora e pasou a ser parte da construción dunha Eurocidade máis inclusiva, máis participativa e feita á nosa medida.

O camiño cara a ese pleno compartido acaba de comezar, e a intención é seguir sumando forzas para que sexa unha realidade canto antes.